A especial responsabilidade fundaméntase na axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado en materia de de recursos humanos no marco dos principios da adecuada planificación dos servizos, economía, eficacia, eficiencia e racionalización administrativa. Así mesmo o posto ten atribuído as función de coordinación na estrutura da unidade administrativa polo que se require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento e en consecuencia un maior grao de responsabilidade no só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación das actuacións, proxectos ou xestións no exercicio das competencias atribuídas ao órgano superior. Así mesmo dita coordinación esixe establecer unha interrelación entre as distintas unidades administrativas da administración municipal e orden a determinar as necesidades de persoal que garantan a prestación dos servizos públicos á vez que debe coordinar a toma de decisións en materia de persoal coa xestión orzamentaria de Capítulo I, tanto na fase de elaboración do orzamento, como na xestión do mesmo para dispoñer de información actualizada sobre a dotación de vacantes, o crédito dispoñible na partida de axustes técnicos e o estado de tramitación das modificacións de crédito

Así mesmo a especial responsabilidade fundamentáse na responsabilidade directa da Xefatura sobre dos sistemas de protección de datos do persoal empregado público (datos de seguridade social, ou expedientes disciplinarios, datos de afiliación sindical ou baixas laborais - categorías especiais de datos (artigo 9 do Regulamento europeo (UE) 2016/679) de xeito que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario.

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órgano de goberno inmediato que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito, en orden a eficacia na execución das directrices e liñas de xestión das competencias na área.

A natureza das funcións, o grao de competencia a responsabilidade que esixe para o desempeño do posto determinan a necesidade de contar con persoal funcionario de total confianza e implicación na consecución dos obxectivos impostos polo órgano superior.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 64 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

200.- Area de Réxime Interior

Xefatura da área de Réxime Interior

Por Resolución da Alcaldía de data 26.06.2021 modificada por resolución de data 16.04.2021 delegouse na Concelleira delegada en Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal a área de Réxime interior en virtude da cal lle corresponde dirixir e xestionar as dependencias de Estatística, ademais da Unidade de Conserxería e Notificación e o Almacén municipal, conforme cos principios de eficacia, economía e racionalización do gasto, promovendo as políticas de compra intelixente. A vista desta competencia fórmulase as seguintes consideracións.

A organización debe ter unha política de compras alineada coa estratexia global da propia organización e conforme e súas necesidades debe plantexarse uns obxectivos específicos en materia de compras alineados coa consecución dos obxectivos estratéxicos. Dentro da denominada «Estrategia Europa 2020», a contratación pública desempeña un papel clave, posto que se configura como un dos instrumentos baseados no mercado interior que deben ser utilizados para conseguir un crecemento intelixente, sostible e integrador, garantindo ao mesmo tempo un uso máis eficiente con maior racionalidade económica de los fondos públicos. De acordo coas actuais Directivas europeas sobre contratación pública (Directiva 2014/24; e 5 da Directiva 2014/25), a contratación pública estratéxica consiste na incorporación de políticas de desenvolvemento ambiental, social, ético, económico, de innovación e promoción das pemes, sen esquecer o cumprimento dos principios xerais de contratación pública. Ditos elementos foron incorporados e reforzados na Lei 9/2017, dos contratos do sector público (LCSP), nos que se determina que en todos os contratos públicos, os criterios sociais e ambientais que se relacionan co obxecto do contrato deben ser incorporados de forma transversal, e ademais, facilitarase o acceso á contratación pública das pemes

A xestión de compras require dunha planificación estratéxica na que se definan e prioricen as categorías de compra do período, se aproben as estratexias de compra por categoría para o período, se comuniquen as estratexias ao persoal de compras e se difunda ao resto da organización. As mesmo require da implantación de estratexias de compra na que se definan obxectivos concretos para favorecer a competencia; valorar e establecer medidas específicas nas diferentes etapas da compra e dispoñer dunha metodoloxía de xestión de riscos de colusión nas licitacións públicas e mecanismos de control que avalien o grao de cumprimento das estratexias definidas e establecer, no seu caso, accións correctivas.

É por isto polo que é preciso definir unha política económica e de control do gasto que garanta a eficiencia económica e un alto nivel de competencia, integrala na política de compras e difundila na organización; establecer obxectivos concretos para o control do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 65 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

gasto (corrente e investimentos); desenvolver sistemas de valoración, avaliación e control dos aspectos sociais (informes de grao de avance)..

A guía de funcións atribúe a Xefatura de área funcións que implican unha planificación e xestión estratéxica da área que implican procesos de planificación, organización, avaliación, control e seguimento dos resultados.

A especial responsabilidade fundaméntase en que o posto ten como finalidade o desenvolvemento da proposta e concreción da actividade planificativa, estratéxica da área e na axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de planificación de contido de fondo non regrado en materia de política de compras. Así mesmo o posto ten atribuído as función de coordinación de unidades administrativas inferiores (conserxería, almacén, estadística), coa estrutura que reflicte a RPT, polo que se require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento. Isto implica un maior grao de responsabilidade no só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación das actuacións, proxectos ou xestións no exercicio das competencias atribuídas ao órgano superior.

Así mesmo o posto ten atribuído as función de coordinación coas distintas unidades administrativas do Concello en orden a determinar claramente as necesidades a satisfacer e determinar os procedementos de contratación en aras de acadar a mellora da eficiencia e eficacia en política de compras polo que o titular do posto require dunha visión integradora de todos os servizos dende o punto de vista da contratación en aras dunha correcta planificación en xestión de compras. Isto implica un maior grao de responsabilidade no só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación dos procedementos e xestións no exercicio das competencias atribuídas ao órgano superior. Esta transversalidade esixe o desenvolvemento de ferramentas e instrumentos que, dentro da estrutura organizativa sectorial, permitan adaptarse a esencia da contratación pública mediante a planificación contractual e seguimento da execución e liquidación dos contratos.

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órgano de goberno inmediato que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de manterse un contacto profesional permanente e estreito co fin de acadar eficacia na execución das directrices e liñas de xestión en materia de xestión centralizada de compras



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 66 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

212. Servizo Policía Local

Superintendente Xefe/a Policía Local

A provisión por libre designación deste posto ven determinado por lei, concretamente o artigo 27 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais relativo ao nomeamento do Xefe do Corpo de Policía local)

213.- Servizo de Extinción de incendios

Xefe/a Servizo de extinción de incendios e salvamento

A Disposición final terceira da LRBRL determina que o persoal dos Corpos de Bombeiros gozará dun Estatuto específico, aprobado regulamentariamente se ben a día de hoxe aínda non está aprobado. Ante a ausencia de dito estatuto específico é a RPT que determina a estrutura do servizo figurando o posto de Xefatura do Servizo de Extinción Incendios e Salvamento como máximo responsable do corpo de bombeiros ostentando o mando inmediato sobre os membros do corpo baixo a superior autoridade do Alcalde ou do Concelleiro no que delegue.

A especial responsabilidade fundaméntase en garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten os dereitos das persoas. Así mesmo os posto a facultade de dirixir, coordinar e supervisar os servizos operativos do corpo, así como, as actividades administrativas relacionadas directamente coas súas funcións, para asegurar a súa eficacia de xeito e toma de decisión que poidan suponer a limitación de dereitos de propiedade, de libre circulación e residencia de persoas, ou outros dereitos individuais en situacións de emerxencia. Así mesmo a facultade de coordinación require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento e en consecuencia un maior grao de responsabilidade ao ser partícipe das labor dos membros do corpo. Así mesmo dita coordinación esixe establecer unha interrelación interadministrativa para o cal deberán levar a cabo técnicas de organización e dirección no seguimento e coordinación da intervencións necesaria para o seu desenvolvemento.

A persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa que depende directamente do Alcalde/concelleiro delegado polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno en materia de seguridade que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 67 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

101.- Gabinete Alcaldía

Xefe/a departamento administrativo Alcaldía

O posto está integrado na estrutura administrativa do Gabinete da Alcaldía e ten asignadas funcións que para o Xefe de Unidade determina a guía de funcións. Así mesmo dito posto se configura como un elemento garante da continuidade no exercicio da administración ordinaria do Concello.

A especial confianza do posto deriva da xestión de información especialmente reservada do Concello en materia de actuacións de protocolo, ceremonial, axenda s da Alcaldía, en tanto que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción superior ao normal por xestionar información respecto das actividades da Alcaldía ao que asisten e do que dependen directamente.

111.- Asesoría Xurídica

Xefe/a da área xudicial

Corresponde á Asesoría Xurídica a asistencia xurídica ao Alcalde, á Xunta de Goberno Local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento urídico e da representación e defensa en xuízo do Concello de Vigo e dos seus organismos públicos.

Nas entidades locais non está creada a subescala específica de letrados e que os mesmo realizan funcións específicas e distintas as de técnico de administración xeral. A responsabilidade do posto ven determinada nas propias funcións do posto relativas a representación e defensa en xuízo de Concello e Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo e da fixación de criterios legais e xurisprudencias que guían a actuación municipal. Así mesmo lle corresponde a emisión de informes de valoración sobre a viabilidade do exercicio de acción en materia de competencia de Pleno, Xunta de Goberno e Alcaldía e fixación de criterios de legalidade da actividade municipal de xeito que o titular do posto asume un papel estratéxico que deberá contra cunha visión de toda a organización municipal que permite abordar con solvencia e eficacia as cuestións que, con carácter transversal, se presentan día a día, achegando seguridade xurídica na toma de decisión e que vinculan a distintas unidades municipais.

É precisamente no exercicio das funcións de apoio, asistencia ou asesoramento onde é máis innecesaria a relación de confianza debido a que vai permitir que as mesmas se desenvolvan desde unha perspectiva xurídica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na defensa en xuízo, máxime se se desenvolven no marco das relacións interadministrativas nas que a valoración dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 68 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

intereses públicos representados por todas as partes deben ser analizado no seu conxunto.

A especial responsabilidade e confianza ven motivada razón das funcións que ten que desenvolver de defensa en xuízo, esixíndose un grao extremo de confidencialidade respecto da información reservada municipal que poida ter que coñecer con motivo da súa intervención profesional, en cumprimento así mesmo do disposto no artigo 42 do Real Decreto 658/2001, de 22 de xuño, polo que se aproba o Estatuto xeral da Abogacía. Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa que depende directamente da Alcaldía e asesora aos órganos superiores e órganos directivos polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado.

A titulación esixida para o Xefe da área xudicial e letrado- asesor será de licenciado/a en dereito ou grao e master equivalente. Así mesmo na rpt actual está previsto a súa provisión mediante o sistema de libre designación e logo da súa convocatoria pública o posto de traballo foi provisto definitivamente.

Letrado/a especial orde social, civil, contencioso, mercantil,

Corresponde á Asesoría Xurídica a asistencia xurídica ao Alcalde, á Xunta de Goberno Local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento urídico e da representación e defensa en xuízo do Concello de Vigo e dos seus organismos públicos.

Nas entidades locais non está creada a subescala específica de letrados e que os mesmo realizan funcións específicas e distintas as de técnico de administración xeral. A responsabilidade do posto ven determinada nas propias funcións do posto relativas a representación e defensa en xuízo de Concello e Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo. Así mesmo lle corresponde a emisión de informes de valoración sobre a viabilidade do exercicio de acción en materia de competencia de Pleno, Xunta de Goberno e Alcaldía e fixación de criterios de legalidade da actividade municipal que vinculan a distintas unidades municipais.

É precisamente no exercicio das funcións de apoio, asistencia ou asesoramento onde é máis innecesaria a relación de confianza debido a que vai permitir que as mesmas se desenvolvan desde unha perspectiva xurídica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na viabilidade dos distintos proxectos, máxime se se desenvolven no marco das relacións interadministrativas nas que a valoración dos intereses públicos representados por todas as partes deben ser analizado no seu conxunto e non meramente dende a posición da administración municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 69 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A especial responsabilidade e confianza ven motivada razón das funcións que ten que desenvolver de defensa en xuízo, esixíndose un grao extremo de confidencialidade respecto da información reservada municipal que poida ter que coñecer con motivo da súa intervención profesional, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 658/2001, de 22 de xuño, polo que se aproba o Estatuto xeral da Abogacía.

Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa que aseora aos órganos superiores e persoal directivo delegado polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado.

A titulación esixida será de licenciado/a en dereito ou grao e master equivalente. Así mesmo na rpt actual está previsto a súa provisión mediante o sistema de libre designación e logo da súa convocatoria pública o posto de traballo foi provisto definitivamente.

Letrado/a xefe/a de asesoramento xurídico

Corresponde á Asesoría Xurídica a asistencia xurídica ao Alcalde, á Xunta de Goberno Local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento urídico e da representación e defensa en xuízo do Concello de Vigo e dos seus organismos públicos.

Nas entidades locais non está creada a subescala específica de letrados e que os mesmo realizan funcións específicas e distintas as de técnico de administración xeral. A especial responsabilidade do posto radica nas funcións atribuídas en materia de asesoramento á Alcaldía, a Xunta de Goberno, Concellerías delegadas e órgano directivos. Cabe sinalar que non Concello non existe subescala específica de letrados, así mesmo lle corresponde a emisión de informes de valoración sobre a viabilidade do exercicio de acción en materia de competencia de Pleno, Xunta de Goberno e Alcaldía e fixación de criterios de legalidade na actividade municipal que vinculan a distintas unidades municipais de xeito que o titular do posto asume un papel estratéxico que deberá contra cunha visión de toda a organización municipal que permite abordar con solvencia e eficacia as cuestións que, con carácter transversal, se presentan día a día, achegando seguridade xurídica na toma de decisión e que vinculan a distintas unidades municipais.

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órganos superiores da administración municipal que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito no exercicio das funcións. Así mesmo o exercicio das funcións de asesoramento ao órgano inmediato superior (alcaldía/concellería delegada) permite que as mesmas se desenvolvan dende unha perspectiva técnica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na determine a fixación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 70 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

de criterios que vinculan as unidades administrativas nas actauccións administrativas e xudiciais.

A especial responsabilidade do posto por razón das funcións que ten que desenvolver, de asesoramento e defensa en xuízo, esixíndose un grao extremo de confidencialidade respecto da información reservada municipal que poida ter que coñecer con motivo da súa intervención profesional, en cumprimento asimesmo do disposto no artigo 42 do Real Decreto 658/2001, de 22 de xuño, polo que se aproba o Estatuto xeral da Abogacía. Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa depende directamente dun órgano superior polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado

A titulación esixida será de licenciado/a en dereito ou grao e master equivalente. Así mesmo na rpt actual está previsto a súa provisión mediante o sistema de libre designación e logo da súa convocatoria pública o posto de traballo foi provisto definitivamente.

Letrado/a asesor/a xurídico/a

Corresponde á Asesoría Xurídica a asistencia xurídica ao Alcalde, á Xunta de Goberno Local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento urídico e da representación e defensa en xuízo do Concello de Vigo e dos seus organismos públicos.

Nas entidades locais non está creada a subescala específica de letrados e que os mesmo realizan funcións específicas e distintas as de técnico de administración xeral. A especial responsabilidade do posto radica nas funcións atribuídas en materia de asesoramento á Alcaldía, a Xunta de Goberno, Concellerías delegadas e órganos directivos. A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órganos superiores da administración municipal que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito no exercicio das funcións. Así mesmo se fundamenta exercicio das funcións de asesoramento ao órgano inmediato superior (alcaldía/concellería delegada) debido a que vai permitir que as mesmas se desenvolvan dende unha perspectiva xurídica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na determine a fixación de criterios que vinculan as unidades administrativas e a defensa en xuízo.

A especial responsabilidade do posto por razón das funcións que ten que desenvolver, de asesoramento e defensa en xuízo, esixíndose un grao extremo de confidencialidade respecto da información reservada municipal que poida ter que coñecer con motivo da súa intervención profesional, en cumprimento asimesmo do disposto no artigo 42 do Real Decreto 658/2001, de 22 de xuño, polo que se aproba o Estatuto xeral da Abogacía. Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 71 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

administrativa xa depende directamente dun órgano superior polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado

A natureza das funciones, o grado de competencia e a responsabilidade que esixe o seu desempeño determinan a necesidade de contar con persoal funcionario de total confianza e implicación nas funcións ecomnedadas a asesoría xurídica.

A titulación esixida será de licenciado/a en dereito ou grao e master equivalente. Así mesmo na rpt actual está previsto a súa provisión mediante o sistema de libre designación e logo da súa convocatoria pública un posto de traballo foi provisto definitivamente.

113- Administración electrónica

Xefa/a Servizo Administración Electrónica

A especial responsabilidade do posto de Xefatura de Administrativo electrónica fundaméntase na atribución aos postos da facultade de proposta e concreción da actividade planificativa, estratéxica na implantación da Administración electrónica e política en materia de protección de datos baixo a dependencia directa da Alcaldía/concelleiro delegado de área.

A implantación da Administración Electrónica constitúe un avance no proceso de apertura da Administración cara aos cidadáns, proporcionando a estes unhas ferramentas que posibilitan o acceso aos servizos da Administración sen ningunha limitación de tempo nin horario de xeito que a cidadanía poderá interactuar coa Administración realizando os seus trámites, coñecer en calquera momento a situación dos seus expedientes, e dispoñerán dun espazo para a participación. Un procedemento exclusivamente electrónico é máis áxil, transparente e con menor carga burocrática que require dunha serie de procesos internos e externos han de dar resposta ás necesidades que desencadea un modelo de atención integral orientado ao cidadán. Así mesmo precisa dunha serie de instrumentos ou ferramentas xurídico técnicos, como os certificados electrónicos, que revisten de validez e fehaciencia tanto a documentos como a trámites administrativos realizados por medios electrónicos, ou as sedes e plataformas electrónicas, que se utilizan para a recepción de escritos e solicitudes, e tamén, para realizar notificacións e comunicación de xeito que se require da coordinación con outros Organismos da propia Administración e con outras Administracións mediante intercambios e puntos de acceso selectivos aos expedientes dos cidadáns. Desta forma, os propios organismos deixan de solicitar información aos cidadáns que xa se atopa en poder doutros organismos, demandando a estes últimos a información requirida. Estes intercambios de información han de contar coa autorización do cidadán, dado que a lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal limita os casos en que as administracións poden intercambiar datos entre si acerca dos cidadáns sen o seu permiso previo. Esta nova situación exposta implica unha revisión e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 72 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

transformación das distintas relacións da administración cos cidadáns, empresas, outros organismos da propia administración e, finalmente, outras administracións

Así mesmo a Administración electrónica supón non só a utilización das tecnoloxías no interface co cidadán senón tamén en todas as fases do procedemento administrativo. O tratamento informatizado dos datos e o almacenamento nas bases de datos inflúe nas tarefas internas da xestión administrativa, automatizándoas, facilitando as tarefas habituais e repetitivas, pero tamén condiciona a establecer medidas e responsabilidades ao redor da seguridade dos datos, tanto de acceso aos sistemas, como á súa transmisión ou cesión. Tal e como reflicte a normativa en materia de protección de datos, os riscos de vulneración da privacidade persoal están asociados a calquera tratamento dos datos persoais, non exclusivamente aos automatizados. Por tanto, hai realizar ineludiblemente unha análise de riscos e tomar as medidas adecuada para evitalos, minimalos ou derivalos.

E por isto polo que o posto de require dun especial responsabilidade como garante do cumprimento de dereitos amparados pola normativa de protección na de datos de carácter personal e asesoramento e planificación estratéxica en implantación da Administración Electrónica en materia de seguridade de la información e concretamente adopción de medidas de protección da privacidade dixital. Así mesmo o posto ten atribuído as función de coordinación na estrutura da unidade administrativa polo que se require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento e en consecuencia un maior grao de responsabilidade dado que dita coordinación esixe establecer unha interrelación entre as distintas unidades administrativas co fin de acadar os obxectivos fixados.

A especial confianza deriva da xestión de información especialmente reservada do Concello en tanto que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode xerar importantes problemas de seguridade para o Concello.

Convocatoria

Con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante as convocatorias consonte o establecido na relación de postos e traballo poderán permitir que certos postos da administración sexa cubertos por funcionarios doutras administracións (SSTS 25 de xaneiro de 2012, STC 156/1998 e 8/2010), posibilidade recollida no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, que establece a posibilidade de que os postos de traballo se provean por parte de funcionarios doutras administracións públicas, se así o prevé as relacións de postos de traballo. Así mesmo, o artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia sinala que *"as relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 73 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

administracións públicas, os cales non poden superar o 7% do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, agás que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade"

E por isto polo que se propón que os postos de Xefatura de área/Xefatura de Servizo/letrado asesor relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo. Dita proposta se realiza porque existe na actualidade unha importante necesidade de persoal no Concello, en concreto de personal de perfil eminentemente técnico que dé resposta as novas e máis complexas obrigacións e responsabilidades que derivan das novas disposicións legais do Estado e Comunidade Autónoma e a maioría do persoal técnico de nivel A1 está ocupando xefaturas de postos ou mediante encomenda desenvolvendo ditas funcións. No obstante os postos de provisión de libre designación requiren dun perfil con determinada experiencia e coñecementos polo que posibilidade de apertura de ditos postos a outro persoal funcionarios doutras Administracións pode contribuír a achegar coñecementos e destrezas moi útiles a favor desta entidade local. Sempre é útil poder contar con maior número de posibles candidatos para ocupar postos vacantes, porque os perfís e méritos a comparar serán maiores e pode supoñer que se doten con persoal con maior experiencia aproveitando deste xeito os recursos humanos, en aras de garantir a eficacia do servizo que se preste a los cidadanos (artigo 84.1 do TREBEP).

Cese

Os titulares dos postos de traballo que foran adxudicados polo procedemento de libre designación poderán ser cesados libremente nos mesmos, mediante resolución motivada do órgano competente

3.2.2.- Concurso específico

O concurso específico aplicarase como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo.

As xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, salvo aqueles que, polos seus especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública

A opción polo concurso específico reserváse para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de maneira máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño del puesto convocado (Sentenza Audiencia Nacional de data 12 de xuño de 2013, Rec. 49/2013). Non obstante tal e como sinala a STXG 338/2018 cando "*a justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 74 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

elegido."e engade " En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha [Ley 2/2015](#), que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico"

Serán obxecto de provisión polo sistema de concurso específico as xefaturas de servizo que segundo o sinalado na guía de funcións e que segundo a RPT vixente teñen complemento de destino 28 e postos de nivel equivalente.

Xefaturas de Servizo

- Xefatura Servizo de Contratación
- Xefatura Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas
- Xefatura Servizo Xurídico Servizos Xerais
- Xefatura de Servizos Medio Ambiente, Sanidade e Consumo
- Xefatura Servizo Patrimonio
- Xefatura de Servizos de Contabilidade Xeral
- Xefatura Responsable de contabilidade analítica e custes de servizo e actividades
- Xefatura de Transportes
- Xefatura Servizo de Fiscalización
- Xefatura Servizo Inspección tributos
- Xefatura Servizo de Educación
- Xefatura de servizo de Deportes-Director Deportivo

Así mesmo segundo a RPT vixente os postos que a continuación se relacionan teñen un nivel del destino 28 polo que conforme o disposto no artigo 91 da LEPG serán obxecto de provisión polo sistema de concurso específico.

- Asesor/a Xurídico Adxunto/a (Seguridade)
- Asesor/a xurídico adxunto/a (Benestar)
- Xefatura de Limpeza

Así mesmo serán obxecto de concurso específico os postos que a continuación se relacionan dado que as xefaturas e postos singularizados relacionados están vinculadas a unha faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate, para as que habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 75 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Xefatura de Museos.-

O posto ten atribuída as funcións establecidas para o Xefe de departamento previstos na guía de funcións en materia de Rede de Museos Municipais que se concretan segundo a Resolución de delegación de competencias de data 18 e posterior de data 26.06.2019.

- Programación anuais e plurianuais de xestión, determinando os obxectivos e os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos equipamentos, servizos e programas.
- Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.

Fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística, así como a programación de exposicións e outras expresións plásticas nos equipamentos que forman parte da Rede de Museos Municipais.

- Xestionar a conservación, investigación e divulgación das coleccións e bens artísticos adscritos á Rede de Museos Municipais, en especial as do Museo Municipal "Quiñones de León" (incluíndo a de arqueoloxía), a do Arquivo Fotográfico Pacheco, colección fotográfica municipal, colección Luís Torras, colección de arte galega da Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego e colección de artesanía do CAT.
- Xestionar programas de desenvolvemento das coleccións e bens artísticos actuais, tanto no relativo á incorporación de novos elementos (adquisicións, doazóns, depósitos...), como ao préstamo temporal de elementos das mesmas; en ambos casos, establecendo as condicións e requisitos correspondentes.
- Promover estudos de públicos obxecto das actividades e programas da Rede de Museos Municipais.

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica en materia de xestión museística (Lei de patrimonio cultural e Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia) establécese como sistema de provisión do posto o concurso específico, no que os candidatos/as acrediten que teñen un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver

Director/a Museos.-

O posto de traballo ten asignadas as seguintes as seguintes funcións:

- Asumir funcións vinculadas á xestión operativa do museo
- Asumir as funcións de representación ordinaria do museo.
- Coordinar os traballos que se deriven da xestión administrativa, económica e técnica dos fondos do museo de acordo coa lexislación vixente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 76 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- Dirixir e coordinar a actividade do persoal que presta os seus servizos no museo.
- Desenvolver as tarefas relacionadas coa xestión económica do museo.
- Organizar e xestionar a prestación dos distintos servizos do museo.
- Impulsar e dirixir o exercicio das funcións e o desenvolvemento das distintas actividades do museo.
- Desenvolver a actividade divulgativa e didáctica respecto aos contidos e temática do museo, en coordinación co resto de áreas ou departamentos do Concello de Vigo que puideran verse implicados (por exemplo, Cultura, Educación, Turismo, etc.).
- Elaborar e propoñer á Autoridade Administrativa competente, o plan de actividades anual do museo, para a súa aprobación.
- Asumir funcións vinculadas á xestión técnica do museo:
- Adoptar as medidas necesarias no marco das súas competencias para a seguridade do patrimonio cultural do museo: velar pola correcta conservación, catalogación e exhibición dos bens asignados ao museo.
- Propoñer á Autoridade Administrativa competente museográficos para a súa incorporación ao museo novas adquisicións de fondos
- Promover actividades de investigación no marco do patrimonio ou materias ás que fai referencia a propia natureza do museo.
- Planificar, coordinar e organizar periodicamente exposicións que estean relacionadas coas especialidades do museo.
- Elaborar e publicar catálogos e monografías dos fondos cos que conta o museo e sobre aqueles temas que puideran estar relacionados cos mesmos.

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica en materia de xestión museística (Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia) establécese como sistema de provisión do posto o concurso específico, no que os candidatos/as acrediten que teñen unha formación adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver.

Xefatura do Servizo de Xestión e Promoción Cultural

O posto ten asignadas as funcións asignadas a Xefatura de Departamento segundo a guía de funcións e concretamente o deseño das políticas de intervención cultural e as estratexias relativas as infraestruturas e espazos culturais, elaborando diferentes propostas culturais que poidan xurdir en relación coas necesidades detectadas no municipio mediante o deseño de proxectos, planificación de programas culturais e estratexias de funcionamento, definindo obxectivos, xustificación, supervisión, avaliación, marcadores e indicadores, resultados e conclusións.

Así mesmo o titular do posto será responsable da xestión orzamentaria da area de Cultura, incluíndo o establecemento, deseño, seguimento e coordinación dos posibles patrocinios ou colaboracións económicas, solicitudes de axudas e subvencións ou



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 77 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

concesión das mesmas. As súas competencias e funcións centráñse fundamentalmente na implementación das políticas culturais, deseñando as planificacións estratéxicas correspondentes as infraestruturas e espazos culturais, analizando e interpretando as avaliacións para a mellora do funcionamento dos espazos así como das políticas e estratexias culturais, propoñendo as decisións e medidas oportunas.

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica do posto en materia de xestión cultural e orzamentaria e necesario que sistema de provisión do postos sexa un concurso específico, no que os candidatos acrediten que teñen un coñecemento específico en relación co contido do posto

Xefatura do Servizo administrativo e de control orzamentario.

A área delegada de Fomento está composta por diferentes área/servizos e unidades administrativas. (Área de Servizos Xerais, Servizo de Vías e Obras, Electromecánicos, Oficina de Supervisión de Proxectos, parque móbil, etc)e xestiona tanto a obra pública municipal como os servizos de maior entidades (abastecemento e saneamento de auga, mantemento de viais etc). Así mesmo cabe sinalar que a área delegada dispón dun presuposto no ano 2021 ascendeu en data 30.09.2021 a 92 millóns de euros e non 2022 o importe de inversións a 102 millóns de euros. A titular do posto de traballo ten encomendadas as seguintes asignadas a Xefatura de Departamento segundo a guía de funcións e especificamente:

- As funcións asignadas ao posto de Xefe de Servizo Administrativo e Control Orzamentario ten por obxecto a coordinación da xestión administrativa de maneira unificada dos diferentes servizos e referida a estrutura técnica (enxeñeiros de camiños, canais e portos, enxeñeiros industriais..) e estrutura administrativa (administrativos, técnicos de administración xeral, técnicos de xestión..). toda que vez que soamente referido ao servizo de vías e obras tramitaronse 122 expedientes de contratación de obras e servizos que conleva a fase de redacción de proxecto, supervision e execución e facultades de coordinación co servizo de contratación aos efectos da súa licitación. Asi mesmo lle corresponde formular a proposta da planificación contractual para o ano 2021 prevense a licitación de 58 contratos.
- Xestión e coordinación administrativa da execución de diferentes contratos de servizo municipais (actualmente é responsable entre outros dos ss contratos: concesión administrativa da xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas, contrato de servizos de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, contrato de subministro de combustible da flota municipal, etc)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 78 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- Así mesmo lle corresponde o exercicio de facultades en materia de coordinación administrativa e xestión dos expedientes relacionados con outra administración da Área de Fomento - Demarcación de Estradas de Galicia do Ministerio de Fomento, Augas de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas, Deputación Provincial de Pontevedra, Autoridade Portuaria, etc.

Por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto, orzamento do servizo e expedientes a tramitar a esixencia técnica e específica do posto (xestión económica e orzamentaria, contratación pública municipal, obra pública, xestión servizos) en materia de xestión cultural requírese que sistema de provisión do postos sexa un concurso específico, no que os candidatos acrediten que teñen un coñecemento específico en relación co contido do posto.

Xefatura de unidade de mantemento de viais municipais

O posto ten asignados as funcións que a guía de funcións atribúe á Xefatura de Unidade en relación as funcións específicas de mantemento de vías municipais que no orzamento no ano 2022 o presuposto destinado no servizo de vías e obras adicado a reparacións, mantemento e conservación de vías e obras acada os 4.846.000 euros

O/a titular do psotos lle corresponden as seguintes funcións específicas,

- Xestión e mantemento das vías públicas municipais, estruturas e espazos públicos de tipoloxía viaria, de titularidade municipal
- Xestión das tarefas de acondicionamento para un uso adecuado das vías públicas municipais, estruturas e espazos públicos de tipoloxía viaria. Tanto nos elementos d epavimentación da plataforma como nas beirrarúas pavimentadas como nas calzadas.
- Dirección e supervisión técnica das tarefas de mantemento referidas mediante contratos de servizos e/ou obras
- Dirección, supervisión técnica e organización do persoal propio do taller municipal nas tarefas de mantemento.
- O contrato de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo do cal exerce labores de dirección técnica conta cun orzamento os 2.100.000 euros/anuais.

Requírese por tanto coñecementos específicos en materia de obra civil específica como por ex.: orde Circular 29/2011 sobre o Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG-3). Ligantes bituminosos e microaglomerados en frío; Orde Circular 21bis/2009 sobre betunes mellorados e betunes modificados de alta viscosidade con caucho procedente de pneumáticos fora de uso (NFU) e criterios a ter en conta para a súa fabricación in situ e almacenamento en obra; Orde Circular 24/2008 sobre o prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG-3). Artigos: 542-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 79 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Misturas bituminosas en quente tipo formigón bituminoso . Misturas drenantes e discontinuas. Artigo 543- Misturas bituminosas para capas de rodadura: Orde Circular 21/2007 sobre o uso e especificacións que deben cumprir os ligantes e misturas bituminosas que incorporen caucho procedente de pneumáticos fora de uso (NFU), etc

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica establécese como sistema de provisión do posto o concurso específico, no que os candidatos/as acrediten que teñen unha formación adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver.

Xefatura de electromecánicos:

A xefatura de electromecánicos ten asignadas as funcións de Xefatura de departamento segundo a guía de funcións asignadas e concretamente,

- Xestión e mantemento de redes de iluminación exterior, incluíndo redes eléctricas, obra civil, centros de mando, soportes, luminarias, estudo de niveis de iluminación, e demais elementos eléctricos asociados
- Xestión e mantemento de instalacións electromecánicas asociadas aos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos: transformadores, grupos electrógenos, cadros de mando, control e protección, equipos e circuítos de iluminación, equipos e circuítos de ventilación, rede contra incendios, bombeos de pluviais, canalizacións, ventilación, detectores de inundación, etc.
- Xestión e mantemento de instalacións electromecánicas asociadas a fontes ornamentais: calidade do auga, cadros de mando e protección, proxectores, lineas eléctricas, canalizacións, bombas, anemómetros, detectores de inundación, pantallas led e demas elementos das instalacións.
- Xestión e mantemento de instalacións de enerxías renovables : Instalacións de enerxía eólica, instalacións de enerxía solar fotovoltaica (cadros de mando e control, soportes, aeroxeradores, paneis fotovoltaicos, investidores, circuítos, telecontrol,baterías,etc.)
- Xestión e mantemento de instalacións de transporte vertical intemperie, ascensores, ramplas e escaleiras mecánicas
- Dirección e execución de obras de instalacións eléctricas, iluminación pública, instalación de elementos de transporte vertical.

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica en instalacións electromecánicas establécese como sistema de provisión do posto o concurso específico, no que os candidatos/as acrediten que teñen unha formación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 80 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver.

Xefatura da Oficina de Supervisión de proxectos

O posto de traballo ten asignadas as funcións de Xefatura da Unidade segundo a guía de funcións aplicadas a oficina de supervisión de proxectos que conforme o artigo 136 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas

- Verificar que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica, que resulten de aplicación para cada tipo de proxecto.
- Propoñer ao órgano de contratación criterios e orientacións de carácter técnico para a súa inclusión, no seu caso, na norma ou instrución correspondente.
- Examinar que os prezos dos materiais e das unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato.
- Verificar que o proxecto contén o estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde.
- Examinar os estudos informativos, anteprojectos e proxectos de obra da súa competencia, así como as modificacións dos mesmos, solicitando as aclaracións, ampliacións de datos ou estudos, ou rectificacións que crean oportunas e esixindo a corrección ou emendando por si mesmas os defectos observados.
- Farán declaración expresa nos seus informes de que o estudo informativo, anteprojecto ou proxecto, cuxa aprobación ou modificación propón, reúne cuantos requisitos son esixidos pola Lei e por este Regulamento, declaración que será recollida na resolución de aprobación.

O informe que deben emitir as oficinas ou unidades de supervisión de proxectos deberá selo no prazo máximo dun mes, salvo que polas características do proxecto requírase outro maior, contado a partir da recepción do proxecto, unha vez emendados, no seu caso, os defectos advertidos, e haberá de incorporarse ao expediente respectivo como documento integrante do mesmo.

Así mesmo a oficina de supervisión de proxecto, ten encomendada tamén a asistencia técnica aos diferentes servizos municipais (educación, deportes, cultura, etc), naqueles expedientes de natureza técnica que tramiten (proxectos, mantementos, etc) coa elaboración dúas correspondentes PPT, memorias xustificativas, informes de avaliación, así como seguimento técnico na súa execución.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 81 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto, orzamento do servizo e expedientes a tramitar a esixencia técnica e específica en materia de obra pública requírese que sistema de provisión do postos sexa un concurso específico, no que os candidatos/as acrediten que teñen unha formación adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver.

Adxunto/a ao Tesoureir/a Municipal:

O posto ten atribuídas funcións de colaboración de forma directa co Tesoureiro, que ademais ten o nomeamento de Director Superior Contable e Orzamentario e concretamente as tarefas asociadas ao novo posto:

- Coordinar os procedementos operativos dos distintos cadernos da Asociación Española da Banca, coordinar as tarefas propias da acción diaria, coordinar os mandatos do Tesoureiro en relación cos soportes de pago e a súa contabilización, coordinar a acción dos negociados da recadación voluntaria.
- Ademais das anteriores, dende hai 3 anos, estívoase co procedemento de mellora na xestión, co desenvolvemento e implantación dun novo aplicativo da xestión recadatoria, cuxa delegación de seguimento correspondeu ao posto de Adxunto ao Tesoureiro.
- Así mesmo o posto de adxunto ao Tesoureiro, ten colaboración directa en:
 - Xestión dos modelos 345, 347 e 349.
 - Coordinación na posta ao cobro dos padróns, así como nos procesos de integración entre a recadación voluntaria e executiva, nos procesos de contabilización de ingresos que se fan dende a Tesourería e na contabilización dos procesos de pago.
 - Encomendas específicas en materia de contabilidade.

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica do posto en relación con: Os cadernos da AEB, o aplicativo de recadación, os procesos de carga de recadación e contabilización, así como o volume de recursos financeiros que se moven nestes procesos, e necesario que o procedemento para dar cobertura con carácter definitivo ao posto, sexa un concurso específico, no que os candidatos acrediten que teñen un coñecemento específico en relación co contido do posto.

Adxunto/a Dirección de Ingresos e Inspección Tributaria.-

O posto ten asignadas as funcións atribuídas a Xefatura de Sección pola guía de funcións na área de dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada comprensiva de catro de catro grandes áreas de resultado clave:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 82 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- Xestión Tributaria e doutros Ingresos de dereito publico
- Inspección tributaria
- Xestión Catastral
- Normativa fiscal

Así meso a A xestión tributaria do Concello de Vigo ten un alcance anual de 600.000 actos administrativos de liquidación de tributos, 10.000 recoñecementos de beneficios fiscais, 40.000 consultas tributarias e outras incidencias por canles telefónico, presencial ou telemático, 30 ordenanzas fiscais e de prezos públicos, 800.000 recibos/ano do Ciclo da Auga nos que se fai supervisión das operacións de xestión e recadación realizadas pola empresa concesionaria.

Os padróns periódicos de impostos municipais (IBI, IAE, IVTN), taxas de lixo vivendas e comercial e PPCPNT do Ciclo da Auga teñen como destinatarios aproximadamente 150.000 persoas físicas e 50.000 persoas xurídicas ás que van dirixidos os centos de miles de actos administrativos ligado a xestión tributaria.

O posto de traballo de Adxunto/a Dirección de Ingresos para o desenvolvemento das seguintes funcións:

- Supervisión e seguimento cotiá dos actos de xestión tributaria de impostos, taxas e contribucións especiais
- Supervisión de actos de liquidación de prezos públicos.
- Sinatura dos padróns periódicos bimensuais e mensuais das PPCPNT do ciclo da auga.
- Seguimento cotiá xunto co Servizo de Administración Electrónica do funcionamento correcto dos aplicativos de xestión tributaria.
- Coordinación coa Xefatura de Servizo de Inspección Tributaria e mesmo execución directa de determinados procedementos de comprobación limitada.
- Seguimento da comunicación axeitada entre a xestión tributaria do IBI e a xestión catastral delegada.
- Coordinación e colaboración co posto de traballo de Adxunto/a o Tesoureiro no labor de posta ao cobro dos padróns periódicos e incidencias na recadación.
- Colaboración co posto de traballo de Director/a de Ingresos e Xestión Catastral Delegada na xestión dos recursos humanos adscritos á xestión tributaria.
- Sinatura dos estudos económicos que deben acompañar á normativa fiscal para tramitar a súas modificacións polos órganos de goberno.
- Outros cometidos que lle poida delegar o Director/a de Ingresos e Xestión Catastral Delegada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 83 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As funcións relatadas demandan coñecementos específicos de lexislación tributaria xeral, regulamentos de xestión, inspección e mesmo recadación, normativa sobre prezos públicos e PPCPNT, procedemento administrativo, contabilidade de custes e administración electrónica, protección de datos, transparencia e acceso á información pública .

Por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto, orzamento do servizo e expedientes a tramitar a esixencia técnica e específica requírese que sistema de provisión do postos sexa un concurso específico, no que os candidatos/as acrediten que teñen unha formación adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver

Xefatura de benestar social.-

O posto ten asignadas as funcións á xefatura de unidade no eido de servizo sociais e, entre outras, segundo a resolución de delegación de competencias de data 18.06.2019 e posterior de data 26,06.2021

- Detección e estudo das necesidades sociais e demandas das persoas, grupos ou da comunidade en xeral, procurando garantir a atención, valoración técnica, orientación, información, asesoramento e a prestación dos servizos sociais básicos a aqueles sectores da poboación que se atopen en situación de desprotección ou risco de exclusión social.
- Formular a programación e xestión dos plans de formación específica do persoal de Servizos Sociais.
- Formalizar os acordos de incorporación das persoas usuarias aos programas

En materia de programación o titular do posto ten que dispoñer de coñecementos específicos en materia de programas de asistencia social e protección social, xestión de axudas para situación de emerxencia social, xestionar e avaliar proxectos de intervención, coñecemento da Lei 13/2008, se Servizos Sociais , e coñecementos do Programa de valoración, orientación e información, prestación de servizos comunitarios, xestión mediante fórmulas de colaboración interadministrativa, expediente social único e do sistema de información básica

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica establécese como sistema de provisión do posto o concurso específico, no que os candidatos/as acrediten que teñen unha formación adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver.

Adxunto/a Xefatura do Servizo Administración Electrónica.

Segundo a guía de función o posto de asignadas as seguintes funcións



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 84 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Funcións relacionadas coa xestión e o mantemento dos sistemas informáticos:

- Xestionar e manter o Sistema Físico do Servizo de Informática, no que se inclúen os seguintes elementos: equipos servidores de datos, equipos servidores de aplicación, sistemas de almacenamento de datos, equipos mixtos,
- Xestionar e manter o Sistema Lóxico de Base do Servizo de Informática, composto polos seguintes elementos: sistemas operativos, bases de datos, seguridade nos sistemas, programas de utilidade, sistemas de impresión (software).
- Funcións relacionadas coa explotación dos sistemas informáticos: levar a cabo a atención aos usuarios de microinformática e das aplicacións.
- Realizar as copias informáticas de seguridade, así como xestionar o seu inventariado e arquivado.
-

Así mesmo coa implantación da administración electrónica na súa labor de colaborador inmediata coa Xefatura de Servizo requírese do titular do posto coñecementos amplos en materia de ferramentas de administración, desenvolvemento, xestión e avaliación baseadas na implantación das TIC, coñecemento, deseño, programación e actualización de contidos web, interoperabilidade e deseño de servizos integrados, plataformas de verificación de certificados electrónicos e doutros sistemas de identificación, Real Decreto 4/2010, de 8 de enero, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade, e da normativa vigente en materia de identidade e sinatura electrónica, deseño e construción de bases de datos relacionales, sistemas operativos, análise orgánica e linguaxes de programación e redes informáticas e telemáticas.

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica establécese como sistema de provisión do posto o concurso específico, no que os candidatos/as acrediten que teñen unha formación adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver.

Xefatura de estadística.-

A posto de Xefe/a de estadística, está encadrado na Área de Réxime Interior correspondendo as funcións que determina a guía de funcións para Xefe de unidade no eido de estadística que segundo a resolución de delegación de competencias da Alcaldía de data 18.06.2019 e 26.06.2019, entre outras, lle corresponde ó Servizo de Estatística:

- Dirección e xestión do Padrón Municipal de Habitantes: baixas de inscricións: duplicadas, indebidas, de oficio nos supostos en que legalmente proceda, por caducidade
- Actualización e revisión, coordinación cos rexistros dos padróns fiscais,
- Coordinación e intercambio de información con outros organismos ou Administracións Públicas (INE, Rexistro Civil, Oficina do Censo Electoral)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 85 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Xestión do rúeiro municipal, actualización da nomenclatura e rotulación de vías públicas, emitir informes do número de policía das rúas, revisión anual de entidades e núcleos de poboación
- Exercicio das competencias que a lei atribúe ós municipios en materia electoral

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica en materia de xestión del Padrón municipal (Resolución de 29 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estadística e da Dirección General de Cooperación Autónoma y Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión do Padrón municipal) e coñecemento sobre os procesos electorais segundo a normativa prevista na Lei 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREG) establécese como sistema de provisión do posto o concurso específico, no que os candidatos/as acrediten un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver.

Xefatura de Turismo.-

O posto ten atribuídas funcións de Xefa da Unidade segundo a guía de función no eido da promoción turística e concretamente segundo a Resolución de delegación de área de data 18.06.2019 e posterior de data 26.06.2019 lle corresponde,

- Aprobación da promoción, planificación e márketing turístico de Vigo.
- Deseño, construción e promoción da marca da cidade.
- Propostas de actuación, coordinación e implementación local dos plans turísticos de ámbito estatal, autonómico, da área metropolitana, provincial e internacional e adecuación dos diversos ámbitos ao destino Vigo.
- Estudio e execución de plans de desenvolvemento turístico, dirixido a públicos específicos, en coordinación co sector privado.
- Promoción turística do municipio en feiras e certames, como FITUR.
- Promoción, reserva e comercialización internacional de produtos turísticos propios.
- Delimitación da zona de interese turístico preferente de Vigo.
- Promoción turística das grandes festas e eventos de Vigo
- Determinación e planificación xeral de obxectivos e aprobación da información turística oficial derivada da marca Vigo.
- Dirección do servizo municipal de turismo e da información e atención aos visitantes: Centro de Recepción de Visitantes (CRV), Centro de Interpretación de Vigo e a súa (CIVR) e do receptivo de cruceiristas.
- Implementación e seguimento de prácticas de turismo sostible en colaboración co Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, e das empresas locais e implementación de programas para a comprensión e defensa do turismo sostible.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 86 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- Fomento, coordinación e proposta de proxectos de creación e conservación de infraestruturas e recursos de uso turístico.
- Coordinación e dirección do turismo MICE municipal.
- Dirección, aprobación e impulso dos procedementos administrativos para a obtención e xestión de marcas, sen prexuízo das competencias da Concillería Delegada de Patrimonio, premios, subvencións, recoñecementos e programas de protección de ámbito local, autonómico, estatal ou internacional do termo municipal de Vigo ou de parte do mesmo.

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica en materia de xestión turística establécese como sistema de provisión do postos o concurso específico, no que os candidatos/as acrediten que teñen unha formación adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver.

Xefatura de Festas.-

O posto ten atribuída as funcións establecidas para o Xefe de Unidade previstos na guía de funcións que se concretan na seguinte eido

- Programación, desenvolvemento e celebración de actividades festivas e socioculturais, de lecer e tempo libre, promoción de programas, plans, actividades e servizos que contribúan á animación sociocultural dos cidadáns; xestión do Auditorio ao aire libre de Castrelos en relación así mesmo coas accións de conservación, mantemento, reparacións, limpeza e control; xestión de convenios de colaboración;
- Fomento promoción e axuda de institucións e asociacións de carácter sociocultural;
- Promoción da creación de fomento de actividades socioculturais, así como a tramitación dos correspondentes expedientes de contratación e convenios

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica necesario en xestión socio cultural require que o sistema de provisión do postos sexa un concurso específico, no que os candidatos acrediten que teñen un coñecemento específico en relación co contido do posto

Xefatura de Xuventude.-

O posto ten atribuídas funcións de Xefa da Unidade segundo a guía de función na área delegada de xuventude e concretamente segundo a Resolución de delegación de área de data 18.06.2019 e posterior de data 26.06.2019

- Garantir o deseño e execución dunha política integral, coherente e eficaz,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 87 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

coordinando todas as actuacións que en materia de Xuventude se xestionen polo Concello.

- Dirixir e coordinar os servizos e programas adscritos á Concellería de Xuventude: Casa da Xuventude, Espazos de Dinamización infantil e Centro de usos múltiples Vigosónico.
- Dirixir, xestionar e impulsar a páxina web da Concellería como vehículo de difusión.
- Cooperar con outras institucións públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas dirixidos ao colectivo xuvenil.
- Impulsar o traballo en rede (cooperación e coordinación) entre os axentes implicados no traballo coa mocidade e as políticas xuvenís.
- Impulsar a elaboración, execución, coordinación e avaliación do I Plan de Xuventude, en coordinación coas demais concellerías, que de xeito transversal teñan ao colectivo xuvenil como destinatario das súas políticas.
- Promover a creación de programas e proxectos de educación non formal dirixidos á xuventude no ámbito do ocio saudable, a educación afectivo-sexual, a emancipación xuvenil, a participación e o asociacionismo.
- Propoñer e impulsar medidas de integración e eliminación de situacións de desigualdade cara á poboación xuvenil do municipio.
- Establecer medidas e actuacións de carácter educativo-formativo e participativo tendentes á ocupación do lecer e tempo libre da mocidade do municipio.

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica do posto e necesario que sistema de provisión do postos sexa un concurso específico, no que os candidatos acrediten que teñen un coñecemento específico en relación co contido do posto

Adxunto/a Xefatura Servizo Deportes-Director Técnico.-

Segundo a guía de función o posto ten atribuídas as seguintes funcións:

- Participar na dirección, control e supervisión de proxectos de novas instalacións deportivas, de acondicionamento e innovacións nas distintas instalacións, conxuntamente co xerente e os servizos técnicos oportunos.
- Asesora-lo persoal técnico e docente do servizo, na procura da súa actualización continua, e integrados na tarefa común de proporcionar un servizo público eficaz e coherente.
- Control e coordinación da programación deportiva e a calidade do Servizo.
- Elaborar coa Dirección deportiva o programa de actividades anuais de actuación, así como a redacción da memoria anual de actividades.
- Substituír ó Xefe da Unidade Técnico Deportiva, por ausencia ou delegación deste.

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica en materia de xestión deportiva establécese como sistema de provisión do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 88 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

postos o concurso específico, no que os candidatos acrediten que teñen unha formación adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver.

Xefatura de Patrimonio histórico:

O posto ten asignadas as facultades de Xefatura da Unidade en materia de patrimonio histórico e concretamente relativas a segundo a delegación de facultades por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e posterior de data 26.06.2019.

- Adoptar, no caso de urxencia, as medidas cautelares necesarias para salvaguardar os bens do Patrimonio Cultural que viren o seu interese ameazado.
- Fomentar, en coordinación coa Administración Autonómica, a difusión exterior do Patrimonio Cultural impulsando os intercambios culturais que se estimen oportunos e promovendo a realización de convenios ou acordos dirixidos a este fin.
- Expedientes que teñan por obxecto a declaración dun ben de interese cultural, a súa inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia ou no Inventario Xeral do devandito Patrimonio.
- Velar porque todos os bens que integran o Patrimonio Cultural de Vigo gocen das medidas de protección e conservación axeitadas.
- Xestionar e coordinar os traballos que se realicen no monte de O Castro que teñan relación coa preservación e posta en valor do patrimonio municipal.

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica do posto en materia de xestión do patrimonio cultural (Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia) é necesario que sistema de provisión do postos sexa un concurso específico, no que os candidatos acrediten que teñen un coñecemento específico en relación co contido do posto.

Xefatura de igualdade

O titular do posto lle corresponde as funcións asignada a Xefe de Unidade en materia de igualdade de oportunidades e concretamente segundo a Resolución de delegación de competencias de data 18.06.2019 e posterior de data 26.06.2019 comprenden, entre outras,

- Detectar necesidades de intervención en materia de igualdade de oportunidades.
- Diseñar, implementar, promover e avaliar a efectividade de actuacións formativas, campañas de sensibilización, programas e plans orientados ao fomento da igualdade, desde unha perspectiva de especial atención a aquelas mulleres pertencentes a colectivos vulnerables: mulleres vítimas de violencia de xénero,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 89 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mulleres con diversidade funcional, mulleres inmigrantes, mulleres novas e maiores de 45 anos, etc.

- Participar no desenvolvemento dos plans sectoriais, interdepartamentais, e interinstitucionais cando así sexa requirido.
- Coordinar e facilitar a participación das entidades locais en programas de ámbito supramunicipal e/ou europeo.
- Promover o uso non sexista da linguaxe, a imaxe non estereotipada das mulleres e dos homes e a desagregación por sexos no tratamento estatístico da información.
- Asumir funcións relacionadas co asesoramento en materia de igualdade de oportunidades, prestar asesoramento a entidades públicas, privadas e de voluntariado na elaboración de medidas acordadas coa normativa vixente en materia de igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de xénero.

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica en materia de igualdade de oportunidades do posto e necesario que sistema de provisión do postos sexa un concurso específico, no que os candidatos acrediten que teñen un coñecemento específico en relación co contido do posto

Xefatura de participación cidadá e desenvolvemento local.-

O posto ten asignadas as funcións de Xefatura de departamento segundo a guía de funcións en materia de desenvolvemento local de emprego.

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego tería como obxectivos fundamentais o de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grado de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa. O servizo de desenvolvemento local e Emprego ten como principal obxectivo a promoción e implantación de políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividades empresariais, a prospección de recursos infrautilizados, o apoio as iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, a realización do acompañamento técnico de proxectos empresariais mediante o asesoramento e o estudo da viabilidade técnica, económica e financeira dos mesmos; así como a realización de actividades de consultoría de xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos do persoal beneficiario dos programas de emprego.

Para elo conta con diversos instrumentos de fomento do emprego e información e asesoramento as persoas desempregadas como son o Servizo de Orientación Laboral , os Obradoiros de Emprego, proxectos de carácter temporal nos que a aprendizaxe e a cualificación se alternan co traballo produtivo en actividades de interese público ou social que permitan a inserción a través da profesionalidade e adquisición de experiencia das e dos participantes, programas de Inserción Laboral, destinados a favorecer e facilitar a inserción e reinserción laboral, mediante accións programadas e deseñadas que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 90 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

incrementen e melloren a súa empregabilidade e faciliten o seu acceso ao emprego, Unidade de Apoio ás Empresas (UDAE) dirixida aos proxectos de autoemprego e ás empresas xa constituídas, especialmente ás pemes e micropemes nos seus primeiros anos de vida, apoio a posta en marcha de novos "Proxectos empresariais de interese municipal" (PEIM), axudas a creación de empresas, convenios de colaboración, promovidos dende este servizo entre o Concello de Vigo e as agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial e de índole veciñal, festivas, deportivas e culturais, etc.

O servizo de Participación e Atención Cidadá en canto a promoción da participación cidadana, xestión comunitaria de servizos, a participación dixital, o impulso e protección da participación, o voluntariado, a calidade na atención ao cidadán, reclamacións e suxestións cidadás, xestión do rexistro municipal de asociacións.

E por isto que a vista das funcións concretas asignadas ao posto e a esixencia técnica e específica en materia de emprego, subvencións do posto e necesario que sistema de provisión do postos sexa un concurso específico, no que os candidatos acrediten que teñen un coñecemento específico en relación co contido do posto

Xefatura de Montes, Parques e xardíns.-

O posto ten atribuídas as funcións asignadas ao posto de Xefe de Departamento na guía de funcións na area delegada de parques e xardíns que segundo a delegación da Alcaldía de data 18.06.2021 e posterior de data 26.06.2021 corresponde

- Elaborar e propoñer proxectos ao órgano competente para súa aprobación e posteriormente dirixir e xestionar un Plan Director de Melloras para a xestión, conservación e mellora das zonas verdes, áreas infantís e biosaudables e mobiliario urbano.
- Elaborar e propoñer ao órgano municipal competente a aprobación dun Regulamento de Protección de Zonas Verdes, Espazos Naturais e Parques Forestais no que se prevexan as accións necesarias para a defensa das zonas verdes urbanas e periurbanas, das árbores e das especies vexetais nas rúas, prazas e demais bens que integran o dominio público municipal.
- Manter actualizado o Inventario de zonas verdes, mobiliario urbano, áreas infantís e biosaudables.
- Dirixir e xestionar as actividades e servizos do Viveiro Municipal.
- Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de conservación e mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias ao obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos Pregos de Condicións que rexen no contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 91 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Coordinación e xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais: elaboración do Plan, ordenanzas e convenios de colaboración en materia de incendios forestais.
- Ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 7.d), 21 a 23 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou normativa vixente que a substitúa.
- Responsabilidade do contrato de prestación dos servizos de conservación, mantemento, reposición e mellora das zonas verdes, xardineiras, arborado de aliñación e elementos similares do término municipal de Vigo,

E por isto que o titular do posto deberá ter coñecemento específico en materia de xardinería, pasaxismo, e prevención de incendios, sanidade vexetal, praguicidas e produtos fitosanitarios, augas e residuos

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica do posto requirida establécese como sistema de provisión o concurso específico, no que os candidatos acrediten que teñen unha formación adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver.

Adxunto/a Xefatura de Montes, parques e xardíns

O posto ten atribuídas as funcións de Xefa de Unidade na área delegadas de parques e xardíns e colabora directamente coa Xefatura de Montes, parques e xardíns desenvolvendo as seguintes funcións específicas,

- Seguimento e coordinación das empresas concesionarias do Servizo de Parques e Xardíns. Dar instrucións para a mellor planificación e traballo do persoal das empresas concesionarias.
- Xestión documental e valoración dos informes relativos ao traballo das empresas concesionarias (tratamentos fitosanitarios, lexionella, picudo vermello, outros...)
- A suplencia do xefe do Servizo de Parques e Xardíns durante a súa ausencia e a asistencia ao xefe do Servizo de Parques e Xardíns nas súas funcións sempre que lle sexa requirida a súa colaboración por este ou por outro superior xerárquico.
- Asumir a xestión organizativa do Servizo, en colaboración co xefe do Servizo de Parques e Xardíns, en liña coa planificación estratéxica predefinida e aprobada polos superiores xerárquicos. Trátase, en definitiva, de organizar os recursos humanos adscritos ao servizo para acadar os obxectivos establecidos
- Asumir as funcións relacionadas coa planificación, seguimento e control da actividade do servizo, en colaboración co xefe de Parques e Xardíns

E por isto que o titular do posto na súa función de colaboración inmediata coa xefatura deberá ter coñecemento específico en materia de xardinería, pasaxismo, e prevención de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 92 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

incendios, sanidade vexetal, praguicidas e produtos fitosanitarios, augas e residuos

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica do posto requirida establécese como sistema de provisión o concurso específico, no que os candidatos acrediten que teñen unha formación adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver.

Xefatura de Cedro

Este posto ten atribuída a facultades de dirección do «Centro Preventivo e Asistencial de Drogodependencias» (CEDRO) de titularidade municipal que presta servizos sociosanitarios ás persoas drogodependentes a través da “Unidade Asistencial de Drogodependencias” e da “Unidade de Día”; está integrado funcionalmente no SERGAS (Orde do 12 de marzo de 2007 da Consellería de Sanidade; DOG nº 62, do 28.03.2007) e depende funcionalmente, en canto a desenvolvemento de programas de intervención, do responsable de saúde mental de área.

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica do posto requirida establécese como sistema de provisión o concurso específico, no que os candidatos acrediten que teñen unha formación adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver.

Convocatoria

Con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante as convocatorias consonte o establecido na relación de postos e traballo poderán permitir que certos postos da administración sexa cubertos por funcionarios doutras administracións (SSTS 25 de xaneiro de 2012, STC 156/1998 e 8/2010), posibilidade recollida no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, que establece a posibilidade de que os postos de traballo se provean por parte de funcionarios doutras administracións públicas, se así o prevé as relacións de postos de traballo. Así mesmo, o artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia sinala que *“as relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non poden superar o 7% do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, agás que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade”*

E por isto polo que se propón que os postos de xefatura de Servizo/xefatura de departamento/xefatura de sección/ xefatura de unidadee Asesor/a adxunto poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo. A proposta ven



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 93 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

motivada porque existe na actualidade unha importante necesidade de persoal no Concello, en concreto de persoal de perfil eminentemente técnico que dé resposta as novas e máis complexas obrigacións e responsabilidades que derivan das novas disposicións legais do Estado e Comunidade Autónoma e a maioría do persoal técnico de nivel A1 está ocupando xefaturas de postos ou mediante encomenda desenvolvendo ditas funcións. No obstante os posto de provisión de libre designación requiren dun perfil con determinada experiencia e coñementos polo que posibilidade de apertura de ditos postos a outro persoal funcionarios doutras Administracións pode contribuír a achegar coñecementos e destrezas moi útiles a favor desta entidade local. Sempre é útil poder contar con maior número de posibles candidatos para ocupar postos vacantes, porque os perfís e méritos a comparar serán maiores e pode supoñer que se doten con persoal con maior experiencia aproveitando deste xeito os recursos humanos, en aras de garantir a eficacia do servizo que se preste a los ciudadanos (artigo 84.1 do TREBEP).

3. 2.3. Concurso de mérito

Constitúe o sistema normal de provisión, no que se terán unicamente en conta os méritos esixidos na correspondente convocatoria.

Serán obxecto de provisión polo sistema de concurso todos o postos para os cales non se determine de forma expresa a súa provisión polo sistema de libre designación ou concurso específico.

A ditos efectos os concursos de traslados realizaranse antes de cada proceso selectivo libre para que o funcionario/a tome posesión do posto definitivo con anterioridade á incorporación do persoal de nova entrada.

4.- Creación do posto de Xefatura de Normalización Lingüística

En data 2.05.2022 someteuse a mesa de negociación, en execución da sentenza 21/2021 ditada en Procedemento Abreviado número 242/21 o Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Vigo, a proposta de aprobación inicial da modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo, para incluír o posto de xefatura do servizo de normalización lingüística, definido con un contido igual ao reflectido pola guía de funcións, e unha configuración retributiva: A1, CD 26, CE 660.

Inclúese na presente RPT a creación do posto de Xefatura de Normalización Lingüística que segundo o informe da Técnica de Avaliación e Formación "os postos do nivel 26 CE 660, corresponderíanse coas funcións propostas para o posto tipo das xefaturas de unidade" Así mesmo propónse como titulación esixible para o desempeño do posto o título de grao en estudos de galego e español, en lingua e literatura galegas, en galego-portugués ou licenciaturas equivalentes, ou calquera outro grao ou licenciatura da Area de coñecemento de Humanidades segundo o espazo MECES, sempre que se estea en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 94 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

posesión do certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5) polo que segundo o disposto no 171.1 do TRRL procede a administración especial.

Non obstante, toda vez que o artigo 38.3 da Lei de Emprego Público de Galicia esixe que todos os postos de traballo incluídos na RPT deben estar dotados orzamentariamente ata que se proceda a dotación económica da praza correspondente ao posto de nova creación, non poderá procederse á súa cobertura.

5.- Persoal indefinido

O artigo 90 da LRBRL determina que as corporacións locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública e o artigo 202 da LEPG determina que as entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nela.

Así mesmo o artigo 28 da Lei de Emprego Público de Galicia (LEPG) aplicable as entidades locais determina determina << 1. As relacións de postos de traballo serán obxecto das modificacións necesarias para axustalas á creación de postos *derivados de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido, cando a persoa afectada non poida ser adscrita a un posto de traballo vacante. A proposta de modificación da relación de postos de traballo deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses, contados a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.*

2. Os postos de traballo creados en aplicación do previsto neste artigo incluíranse nas correspondentes relacións de postos de traballo como postos de persoal funcionario ou, excepcionalmente, de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira, e incorporaranse á oferta de emprego público, a non ser que se dispoña a súa amortización.

3. Unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada será adscrita ao posto de nova creación.

4. Incurrirán en responsabilidade, nos termos previstos por esta lei, as persoas que coa súa actuación irregular dean lugar á conversión en indefinida dunha relación laboral de carácter temporal ou á adquisición da condición de empregado público por unha persoa que non a teña.>>

A figura de persoal << *laboral indefinido non fixo de plantilla* >> é de creación xurisprudencial e responde á tensión producida entre dous polos antagónicos: Dunha parte, a necesidade de combater a irregular contratación temporal da Administración, e doutra a imposibilidade de aplicarlle, do mesmo xeito que ao empresario privado, a presunción *iuris et de iure* do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores de que o contrato laboral en fraude de lei devén en indefinido dadas as previsións do igualdade no acceso ao emprego público consagradas na Constitución (artigos 22.3 e 103).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 10:15	Páxina 95 de 131
Expediente/Documento 1690-110	CSV: A3A9B4-225DCA-3H3756-M52VR5-4F91TA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Así mesmo En data 31.05.2022 ao abeiro do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo o concello prestou aprobación a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas na que se recollen as seguintes prazas ocupadas por persoal laboral declarado indefinido, non fixo, por sentenza xudicial firme. (A estos efectos consta en expte 40118/220 (trámite 8) relación de sentenzas en relación ao persoal indefinido. Posteriormente en data 15.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestouse aprobación ao seguinte:

